

# Ao son de Cunqueiro

## Proveitosa conxunción

ARMANDO REQUEIXO

Un proxecto editorial como o sarriao de Ouvirmos veu encher un oco no noso mercado literario hai agora un lustro. Ninguén antes se dedicara con tanto empeño ao rescate, por xunto, dos materiais sonoros e fotográficos dos nosos máis significados escritores. É certo que no visual as fotobiografías de Xerais son un precedente incontestable. Tamén que o fondo de gravacións do Consello da Cultura Galega é o mellor dos arquivos existentes neste sentido. Mais ninguén, insisto, fixo por achegar ao mercado ambas vertentes a un tempo da vida e obra dos nosos autores con tanta amplitude e con tal esmero na materialidade da edición.

Froito dese meritorio que facer foron nacemento nestes anos as fotobiografías sonoras de Manuel María (2005), Celso Emilio Ferreiro (2008), Antón Áviles de Taramancos (2009) e, máis recentemente aínda, Álvaro Cunqueiro (2009). Sobre desta última quero agora dicir dúas palabras.

*Álvaro Cunqueiro. Fotobiografía sonora* gozou do acerto editor de encargar a dous especialistas na obra do mindoniense, Rexina Vega e César Morán, a elaboración dos textos e comentarios que acompañan as gravacións e instantáneas do volume. O resultado é un audiolibro impecable, no que se recollen preto de cento cincuenta ilustracións con fotografías de e ao autor, reprodución de manuscritos, carnés e outros efectos persoais e aínda de moitas das cubertas dos seus libros traducidas a diversas linguas. Da súa parte, no sonoro incorpóranse dous cd's: un deles con dúas gravacións de conferencias impartidas polo de Mondoñedo e outro recollendo doce temas musicais a partir de poemas seus interpretados por moi diferentes grupos e solistas.

Nunha conxunción máis que proveitosa, dos textos que acompañan a fotobiografía encargouse Rexina Vega, nun discurso que amosa o seu fondo coñecemento do personaxe e, o que é aínda máis de agradecer, o seu talento para transmitir con lamio narrativo e capacidade de engaiolar ao lector o fondo, complexo e poliédrico universo cunqueiriano. Pola súa

banda, a presentación do material sonoro correu a cargo de César Morán, investigador, poeta e, tamén si,

exce-

lente músico, facetas todas tres que explican o

por que do rigor e o poder suxestivo das atractivas planas nas que se recollen audiodocumentos e cancións.

Para os devotos da "seita cunqueiriana" da que fala o seu fillo César no breve pero intenso limiar á obra este volume ha ser non só unha regalía, senón unha audiolectura obrigada. Por descontado, para todos aquel outros amantes da boa literatura, esta publicación terá de ser tamén bocatto que non deberían deixar sen probar. E é que Cunqueiro volve porque recorda e se recorda, resucitando unha e mil primaveras máis. Ai non!

VEGA, Rexina/MORÁN, César, *Álvaro Cunqueiro. Fotobiografía sonora*, Ed. Ouvirmos, Sarria, 2009  
PVP. 45 €

